

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de maio de 2021**

Ás 17.00 horas do día 19 de maio de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de abril de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 21 de abril de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA.-

O Sr. secretario explica o contido do seu informe en relación coa modificación do grupo provincial de Democracia Ourensana.

A comisión queda informada.

3º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.

O Sr. secretario explica o contido da proposta da Presidencia.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, indica que neste asunto é clave o informe emitido pola Secretaría Xeral, e indica que xa no informe se advirte de que se no futuro hai máis deputados non adscritos na Corporación Provincial se deberá revisar a composición das referidas comisións.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) de Democracia Ourensana (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Modificar a composición das comisións informativas permanentes, de tal xeito que cada comisión estará integrada por cinco (5) representantes do Grupo Popular, tres (3) representantes do Grupo Socialista, un (1) de Democracia Orensana, un (1) representante do BNG e dous (2) representantes non adscritos (D.^a Montserrat Lama Nóvoa e don José Miguel Caride Domínguez).

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

O Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta por que razón ou motivo o posto que se elimina do grupo político de Ciudadanos se pasa ao gabinete da Presidencia.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, realiza a mesma pregunta que o portavoz do BNG, solicitando que, se se considera, se amortice este, dado o elevado gasto do capítulo I do orzamento da Deputación Provincial.

O **Sr. secretario** explica que a distribución dos postos de persoal eventual da Deputación se realiza na RPT aprobada polo Pleno, onde existen unha serie de postos destinados ao gabinete da Presidencia e outros aos diferentes grupos políticos da Corporación. Engade que a distribución dentro destas áreas é unha cuestión de oportunidade que debe apreciar o propio Pleno, neste caso a proposta da Presidencia.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no seguinte sentido:

Na Área de Presidencia, modifícanse as determinacións 2ª e 3ª no relativo ao persoal eventual,

Engádese o seguinte posto de traballo

2º) Gabinete de Presidencia:

Un (1) administrativo de presidencia: persoal eventual, asimilado ao grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

Suprímese o seguinte posto de traballo

3º) Persoal ao servizo dos grupos políticos:

Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía: Un (1) administrativo de grupo político: persoal eventual, asimilado ao grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno. En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º .- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta sobre o informe de fiscalización do Consello de Contas, relativo á Conta Xeral da Deputación Provincial do exercicio 2018 e que se fixo público esta semana. Engade que o dito informe, que é público e que está na web do Consello de Contas, contén afirmacións bastante rotundas e que veñen sendo reiteradas durante moito tempo por grupos desta Deputación, entre eles o BNG, el que evidencian un funcionamento anormal desta institución e que debería facer reflexionar ao grupo de goberno sobre aspectos como o reparto de subvencións ou a contratación menor. No dito informe indícase que o réxime habitual de concesión de subvencións é dar subvencións nominativas, cando debe ser o de concorrencia competitiva e o mesmo pasa coa contratación menor, que supón sobre o 80% dos contratos da Deputación, cando o procedemento normal debe ser o de concorrencia competitiva. Pregunta se no sucesivo se vai ter en conta o contido deste informe e roga que non teñamos que volver a ler un informe de auditoría a esta Deputación similar a este sobre o uso que se fai dos fondos públicos.

O **presidente da comisión** contesta que, en primeiro lugar, o dito informe non foi trasladado formalmente a esta Deputación. En segundo lugar, sobre o contido do informe sinala que non indica que se estea cometendo ningunha ilegalidade, senón que se realizan críticas de xestión política e unha serie de recomendacións de xestión. Ademais disto, engade que a Conta se considerou oficialmente rendida polo Consello de Contas e que non debemos esquecer que se existiu algún defecto ou retraso pode ser debido ao hackeo sufrido nesta institución e posteriormente ás incidencias provocadas pola pandemia da Covid.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, informa de que se é certo que non se lle remitiu aínda á Deputación o dito informe en todo caso xa está dispoñible na web do Consello de Contas desde hai días.

D. Bernardo Varela López, do BNG, discrepa do presidente da comisión en que o Consello de Contas realice críticas políticas, xa que, na súa opinión, queda claro que se incumpren os aspectos de determinadas leis e normas, sobre todo en materia de subvencións, por esta Deputación.

O **presidente da comisión** insiste en que se non se reflicte no informe ningunha ilegalidade quere dicir que todo é legal. En todo caso, sinala que se hai certas valoracións e opinións, como non pode ser doutro xeito, e lembra que a Conta Xeral fiscalizada foi exposta ao público sen que se presentasen alegacións, e foi aprobada no Pleno provincial.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.